

novas leis, novas demandas

PARA EDUCAR EN IGUALDADE
A mulheres E homes



SINDICADAS
educando na igualdade

Actualmente entanse a producir cambios lexislativos de interese para unha práctica educativa a favor da igualdade de oportunidades e de dereitos entre os sexos. Estes cambios responden a reivindicacións insistentemente formuladas por Organizacións Feministas, Sindicatos de Ensino e, en xeral, por unha boa parte da sociedade, que rexeita a discriminación social, económica e política das mulleres.

Todas estas leis hai que trasladalas o ámbito educativo

- 1** ● **LEI ORGÁNICA DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**, que contempla medidas para adoptar no terreo educativo. Con ela retómase a práctica da educación en valores e, nese contexto, a loita contra a discriminación das mulleres e contra o machismo. Xunto a estes valores, a lei promove a aprendizaxe das formas de resolución pacífica dos conflitos, a actitude crítica perante as formas violentas de solucionarlos e a educación de afectos e emocións como aspectos cuxo desenvolvemento é esencial para unha convivencia sen agresións. As Universidades incluírán e fomentarán en todos os ámbitos académicos la formación en estos temas.
- 2** ● **A LEI ORGÁNICA PARA A IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES**, que recolle como novidade, a promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes, e que pretende a prevención de condutas discriminatorias establecendo criterios de orientación das políticas públicas en materia de educación.
- 3** ● **LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN**, que asume as medidas educativas recollidas na Lei contra a violencia de xénero, e incorpora aos principios e ás fins da educación, os da educación afectiva e o fomento de valores como a liberdade e a igualdade entre homes e mulleres. Esta lei educativa recolle a non discriminación por razón de sexo na admisión do alumnado nos centros e a atención preferente aos centros que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas.
- 4** ● **LEI QUE MODIFICA O CÓDIGO CIVIL EN MATERIA DE DEREITO A CONTRAER MATRIMONIO ENTRE PERSOAS DO MESMO SEXO**, que amplía e reconece dereitos democráticos de igualdade.
- 5** ● **LEI DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA**, que reconece dereitos sociais de cidadanía.


OS SINDICATOS FE-CCOO, STES-I E FETE-UGT SEGUIMOS RECLAMANDO:

- Unha defensa a ultranza do ensino misto e coeducador; entendendo por tal que rapaces e rapazas convivan no día a día e compartan os centros, as aulas e cantas actividades se desenvolven no sistema educativo co obxectivo de superar discriminacións e promover a igualdade.
- Unha opción clara por unha educación integral que transmita valores sociais positivos a mulleres e homes.
- Unha formación inicial e permanente do profesorado que inclúa a igualdade entre os sexos, seguindo as pautas da Lei contra a violencia para as mulleres.
- Unha dotación de profesorado nos centros educativos con formación e dedicación horaria axeitadas para pór en práctica a igualdade real entre os sexos.

AGORA É NECESARIO QUE AS ADMINISTRACIÓNS EDUCATIVAS ELABOREN PROXECTOS PARA:

- Tratar a educación en igualdade entre homes e mulleres de forma transversal no currículo de todas as áreas e no proxecto educativo de centro.
- Incluír no currículo escolar e nos proxectos de acción tutorial a educación para a igualdade, a educación afectivo-sexual e a prevención e resolución pacífica dos conflitos.

- Promover unha linguaxe que nomee a mulleres e a homes e elimine o uso de estereotipos sexistas e discriminatorios nos materiais escolares e na convivencia nos centros.
- Integrar no currículo a contribución das mulleres á ciencia, á cultura e ao desenvolvemento social e político.
- Constituír nos consellos escolares unha comisión de persoas expertas que adopten medidas educativas para a igualdade entre homes e mulleres e o respecto á diversidade de orientacións sexuais.
- Impulsar a creación de departamentos universitarios de estudos sobre a muller nas escolas de maxisterio e facultades de educación para a formación inicial e permanente do profesorado.
- Crear asesorías de formación permanente do profesorado en materia de coeducación.
- Dotar aos centros de materiais e recursos didácticos específicos de coeducación, e de prevención da violencia contra as mulleres e a homofobia, e que se actualicen as bibliotecas escolares nestes temas.
- Garantir que a inspección educativa vele pola adopción e o cumprimento das medidas destinadas a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes, para o cal debe recibir a formación axeitada.
- Estabelecer que o Consello Escolar do Estado, nos seus informes anuais sobre o sistema educativo, recolla datos e valore o estado das situacións de discriminación e sexismo na comunidade educativa e que informe e valore o resultado das medidas que poñan en marcha as Administracións educativas, en relación coa prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres.



As medidas educativas en contra da discriminación das mulleres e a prol da igualdade entre os sexos, que todas estas leis formulan, requiren novos compromisos para que se fagan realidade nos centros educativos.

Xa hai profesoras e profesores que, en colaboración coa comunidade educativa, están a facer realidade unha transformación da escola.

Implicáte na posta en práctica destas e outras medidas a favor da igualdade entre os sexos.



www.mtas.es/mujer



SINDICADAS
educando na igualdade